

TAREFA 3: PRESENTACIÓN PROPOSTA DIDÁCTICA



**"MERGULLÁNDONOS NO SURREALISMO
A TRAVÉS DE EUGENIO GRANELL"**

**MARÍA LEMA FERNÁNDEZ
EEI. BARRIONOVO
PASTORIZA/ARTEIXO**

1. CONTEXTUALIZACIÓN

Atopámonos nunha escola de educación infantil de liña 1 sita na parroquia de pastoriza, arteixo. Esta programación concretamente vai dirixida ao grupo de 4º de educación infantil (3 anos).

A proposta xurdiu dunha saída realizada no mes de decembro a fundación novacaixagalicia na que se presentaba unha exposición do autor Eugenio Granell.


Nas seguintes liñas presento a programación para o nivel de 3 anos pero cabe dicir que trataremos de levala a cabo coordinadamente nos 3 niveis da etapa.

2. OBXECTIVOS

- Resolver problemas da vida cotiá, aceptando as pequenas frustracións
- Observar e explorar de forma activa o seu contorno xerando interpretacións
- Favorecer as nocións de espazo e tempo
- Iniciarse na formulación de hipóteses
- Achegarse ao coñecemento do patrimonio pictórico galego a través de Granell
- Apreciar elementos artísticos propios da nosa comunidade
- Iniciarse en actividades matemáticas a través de relacións de agrupamento, clasificación...
- Utilizar as matemáticas como medio para comprender o mundo que nos rodea
- Utilizar diversas linguaxes coma instrumento de comunicación: verbal, artística e audiovisual
- Reproducir e recrear palabras significativas dentro do proxecto
- Aprender a utilizar a biblioteca coma medio de información o cal podemos acudir
- Potenciar a capacidade creativa dos máis pequenos
- Achegarse ao coñecemento de diferentes obras artísticas
- Adquirir sensibilidade estética
- Utilizar as TICs coma ferramenta de búsqueda de información

3. CONTIDOS

- Interese pola exploración de diferentes expresións artísticas presentes no noso contorno
- Interpretación do espazo a través de debuxos, planos e mapas
- Establecemento de relación de orientación e localización
- Sucesos e persoas relevantes da historia da súa comunidade: Eugenio Granell (vida, obras, centenario...)
- Interese pola clasificación de obxectos e materiais

- 
- Recoñecemento da funcionalidade dos números en particular, e das matemáticas en xeral, no desenvolvemento da vida cotiá
 - Resolución de situación problemáticas sinxelas da vida cotiá
 - Formulación de hipóteses
 - Participación en proxectos de investigación
 - Gozo coa realización de actividades cooperativas
 - Colaboración cos compañeiros na resolución de conflitos e traballo en equipo
 - Uso progresivo de léxico relacionado co proxecto: museo, cadros, galería, arte, cromatismo, surrealismo...
 - Valoración e coñecemento do patrimonio pictórico cultural galego
 - Participación oral en asambleas nas que indagamos, expoñemos hipóteses, buscamos información...
 - Interese e atención en conversas grupais
 - Iniciación no uso da escrita en situación contextualizadas e motivadas
 - Interese por compartir interpretacións e sensacións
 - Exploración sensorial de diferentes elementos
 - Elementos que configuran a linguaxe plástica: liña, forma, cor, textura, espazo...
 - Potenciación da imaxinación e fantasía
 - Gozo coas obras artísticas
 - Utilización de diferentes materiais e soportes plásticos
 - Valoración das diferentes obras plásticas presentes no contorno
 - Valoración das produción plásticas propias e máis alleas
 - Consecución na mellora de produción xa feitas, individuais e de grupo
 - Achegamento ao uso do ordenador, internet, PDI...para a consecución do proxecto

4. COMPETENCIAS BÁSICAS

Establécense oito competencias básicas a acadar ao rematar o ensino básico, e estas oito competencias deben impregnar todas e cada unha das propostas de aula, de xeito que estas sexan completas e globalizadas. O millor xeito para desenvolver estas competencias é o traballo por proxectos, empregando un enfoque globalizador. Polo tanto nesta proposta pretendo abarcar as oito competencias en algunha das súas dimensións:

- Competencia comunicación lingüística (capacidade para participar en conversación grupais, capacidade de expresión e comunicación...)
- Competencia matemática (establecemento de relacións, inferencias, razonamento matemático...)

- Competencia coñecemento e a interacción co mundo físico (aplicación do pensamento científico, habilidades de investigación, formulación hipóteses...)
- Tratamento da información e competencia dixital (acceso e búsqueda de información, comunicación...)
- Competencia social e cidadá (realidade cotiá, resolver conflitos de grupo, habilidades sociais, convivencia, autonomía)
- Competencia cultural e artística (valoración crítica, gusto artístico, estética, patrimonio cultural...)
- Competencia aprender a aprender (autonomía, autoimaxe, traballo cooperativo, resolución de problemas...)
- Autonomía e iniciativa persoal (autoconecemento,, autocrítica, capacidade de millora, confianza...)

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Construír unha imaxe positiva e aceptar as súas capacidades e limitacións
- Interese por explorar diferentes obxectos do contorno
- Recoñecer e comparar cadros segundo diferentes atributos
- Iniciación ao uso de mapas coma elemento de orientación temporal
- Recoñecemento de sucesos e persoas relevantes da historia da súa comunidade
- Recoñecer algún elemento do noso patrimonio
- Propoñer e resolver problemas sinxelos
- Empregar os números para identificar, contar, clasificar...
- Explorar os obxectos do contorno e actuar sobre eles
- Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos no seu contorno e no arte
- Utilización da lingua oral para a comunicación na aula
- Interese polos textos escritos na aula
- Diferenciación entre palabras y números
- Interese por participar en situacións significativas de lectura e escritura
- Valorar a biblioteca como recurso informativo e de lecer
- Expresarse e comunicarse utilizando diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais
- Capacidade de traballo cooperativo
- Respeto polas produción alleas
- Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión
- Actitude de atención, escoita e participación nas conversas orais
- Interese polas actividades que se realizan na aula

6. METODOLOXÍA

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Socialización e comunicación

Profundamente ligado ao desenvolvemento e educación da súa afectividade e ao traballo que o proxecto propón relacionado coa Educación en Valores: Educación para a Convivencia e a Paz.

Globalización

Entendida como un enfoque fronte ao proceso de ensino, que se caracteriza por interrelacionar, en cada proposta de traballo, actividades ou aspectos que provoquen a entrada en funcionamento de todos os mecanismos da personalidade infantil; é dicir, funcións motrices, cognitivas e afectivas.

Aprendizaxe significativa

Unha metodoloxía activa, dende unha perspectiva construtivista, propicia que o neno e a nena sexan os protagonistas das súas propias aprendizaxes e adquisicións, e que estas poidan ser integradas na súa estrutura cognitiva porque son motivadoras, teñen un contido significativo e apoianse en coñecementos previos.

Tratamento da diversidade

Considerando o neno e a nena en cada proposta de traballo como un ser distinto e, á vez, parte dun colectivo. Distinto, porque cada neno ten as súas peculiaridades persoais, o seu momento evolutivo e o seu persoal ritmo de aprendizaxe. Parte dun colectivo porque vive nunha sociedade que, aínda que non queira, o vai condicionar. As adaptacións curriculares, coas súas actividades de reforzo e ampliación, axudarán ao docente á personalización do seu traballo na aula.

Interacción familia-escola


O principal obxectivo é o desenvolvemento harmónico da personalidade do neno e da nena, dentro dun ambiente relaxado e feliz no que as actitudes positivas e cordiais presidan as relacións de todos os membros da sociedade que han de intervir na educación destes nenos e nenas que están empezando e aprendendo a vivir.

A familia é o primeiro e máis importante núcleo no que se desenvolven os primeiros anos da vida da persoa. Pediremos axuda ás familias de xeito que participen e colaboren activamente no proceso de aprendizaxe dos seus fillos.

Así esta proposta didáctica, tal e coma recolle o artigo 9 da Orde do 25 de xuño de 2009, estará organizada en proxectos de traballo, acorde coa metodoloxía construtivista coma base integradora de todo o traballo de aula.

Este non será o único proxecto levado a cabo na aula senón que transcorrerá paralelamente ao proxecto anual de ciclo deste curso académico (a prehistoria), ademáis doutras pequenas propostas que poidan xurdir na aula

As características do enfoque por proxectos serán:

- 
- O alumnado aprende facendo.
 - O profesorado non é o protagonista do proceso.
 - A avaliación é participativa, o alumnado tamén se autoavalía e avalía o proceso.
 - Calquera situación, problema, necesidade... xera ou pode xerar un novo proxecto.
 - Trátase de comprender, valorar, axuizar a realidade e intervir sobre ela para melloralala seguindo un enfoque integrador.
 - A planificación e a acción discorren conxuntamente nun principio. Profesorado e alumnado planifican en conxunto e este desenvolve a autonomía e a capacidade de facer eleccións e negociacións.
 - O clima creado propicia que o alumnado poida aprender e practicar unha ampla gama de habilidades sociais e metacognitivas, así como disposicións para aprender a aprender.
 - A mobilización de saberes permite resolver problemas e situacións e provocar novas aprendizaxes.
 - O feito dun traballo compartido permítelle, tamén ao profesorado, desenvolver competencias profesionais.
 - O obxecto de traballo, nun proxecto interdisciplinario, pode tratarse dende distintas áreas ou materias, que achegarán aspectos novos que, illadamente, seguramente non serían considerados nin traballados.

7. TEMPORALIZACIÓN

Este proxecto comeza no primeiro trimestre, mes de decembro, e rematará a mediados do terceiro trimestre, aproximadamente, xa que un proxecto vivo non ten unha duración exacta e dependerá da motivación do mesmo. Asímesmo este proxecto irase desenvolvendo a carón do proxecto anual que estamos levando a cabo para este curso académico, así coma outras pequenas actividades que van

xurdindo ao longo do curso polo que non ocupará diariamente os momentos da clase. De tódolos xeitos procurarei, como mínimo, dedicar unha sesión semanal a realización deste proxecto.

8. RECURSOS

- ❖ **Persoais:** mestras titoras, mestra de apoio e especialista de
- ❖ **Espaciais:** aula, biblioteca, aula psicomotricidade, e outros espacios común (corredor, entrada...)
- ❖ **Materiais:** PDI en cada unha das aulas con conexión a internet, ordenadores, cámara dixital, retroproxector
- ❖ **Outros:** Buscadores, programas de presentación de imaxes (picturetraill, animoto), programas para a creación de videos (movie maker e power director), blogues (aulas, centro, biblioteca, AL e TICs), programas de edición de textos (Publisher y Word)

9. ACTIVIDADES

INICIAS

- Ideas previas
- Motivación: presentación PDI
- Panel proxecto: que sabemos que queremos saber, que aprendimos
- Asambleas
- Preparación saída: elaboración das tarxetas do cadro "cabeza de indio"
- Saída a exposición: "O espello do pintor"
- Conto: montaxe audiovisual e traballo a partires do mesmo (ordenar secuencias, lectura activa, escoita...)
- Traballo dos cadros: cores, formas...
- Quen é o autor, qué sabemos

DESENVOLVEMENTO

- Investigación acerca do autor: asamblea na que xurde a inquietude (a partires dunha foto do mesmo), ónde buscar, cómo...
- Posta en común das investigación realizadas
- Experimentamos xogando a crear cadros coma Granell no retroproxector, con figuras de granel ou figuras xeométricas e poñerlle título

- Traballo sobre o conto elaborado do museo: secuenciación, numeración, narración...
- Traballo sobre cadros que aparecen na clase con pistas... Qué cores teñen, formas xeométricas, figuras, títulos, dimensións reais, retitular cadros en grupo...
- Inventar contos a partires de cadros
- Reproducción de cadros de Granell con diferentes técnicas plásticas
- Realización dun pequeno libro que recolla a vida e obras do artista
- Traballo por rincóns-equipos: elaborar cadros conxuntamente, xogo na PDI cunha actividade creada para o proxecto, contrucción de esculturas con materiais de refugallo (imitando a granel), etc
- Outras que poidan ir xurdindo segundo o curso que leve o proxecto e as inquietudes que presenten os nen@s, as cales poden variar o curso do mesmo.

FINAIS

- Asamblea final: verbalizamos o aprendido
- Elaboración cadro surrealista en común que titularemos e colgaremos no colexio
- Power point resumo do proxecto e libro do proxecto que pasa a formar parte da biblioteca
- Publicación dos traballos no blog

10. AVALIACIÓN

A Avaliación terá tres partes: alumn@s (motivación, resultados, qué aprendimos...), mestres (consecución de capacidades, propostas de mellora...), e familias (colaboración, interese...).

Nesta avaliación non só avaliaremos o produto senón que tamén o proceso. Asímesmo non terá lugar soamente ó final senón que tamén o principio e durante o mesmo, por tanto será global, continua e formativa, e levada a cabo de xeito sistemático. Procuraremos avaliar unha vez ao mes de xeito que recordemos o plantexado e reconduzamos a nosa práctica de cara a conseguir os obxectivos propostos.

- **Alumnos (ver pto nº5)**
- **Mestres**

Consecución de capacidades

Atención as NEAE

Adaptación das actividades as características dos alumn@s

Capacidade de motivación

Consecución de obxectivos e contidos

Clima de traballo

Coordinación cos compañeiros de ciclo

Viabilidade do proxecto

Carácter globalizador na programación

Propostas de actividades activas

➤ **Familias**

Participan no proxecto cando se lles pide

Valoran o traballo de aula

Valoran o traballo dos nen@s

Siguen o noso traballo a través dos blogues

Comprenden e valoran o traballo por proxectos na aula

Aceptan as posibilidades e capacidades dos seus fill@s

